



067

Chain

A presente parroquia venera por patroa tutelar a Santa María Nosa Señora (068), de quen celebran a súa festa o 15 de Agosto. Habítana 132 veciños, que corresponden polo contencioso ao Xuíz de Baiona, e polo político e gobernativo ao Procurador xeral do Val de Miñor. Valen os seus décimos 18.000 reais, dos que leva o Párroco a terceira parte, e as outras dúas terceiras o Cabido Catedral de Tui: aquel ten casa reitoral, igrexario e destros de 38¼ ferrados de pan en semente: ademais percibe de renda anual 3¼ ferrados de trigo, 14 de centeo, 16 de miúdo, 1 galiña, 4 polos e 13 reais. A fábrica da Igrexa cobra 2 ferrados de trigo, 2 de centeo, 13½ de miúdo, e 413 reais con 9 marabedís. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Nun montiño de curta elevación que hai no medio da presente parroquia nomeado de Castelo estivo o castelo de Morgadães, do que falaremos adiante no Capítulo 32; e isto é outra proba do prevenido enriba sobre que Cháin foi coñecida antigamente co nome de Morgadães. Dista da Capital de Tui 2 leguas. (ÁVILA Y LA CUEVA, 503).





Igrexa parroquial

Foi reedificada sobre a igrexa primitiva no ano 1860, segundo consta na inscrición da fachada principal.

É dunha soa nave con ábsida rectangular, de máis altura que a nave.

Posteriormente engadíronselle no lado sur unha pequena capela e a sancristía.

A **fachada (069)** enmárcase con dúas pilastras laterais, con basa e capitel destacados, e rematadas en pináculos. Remátase con volutas estilizadas ata a espadana de dobre ollo adornada con pináculos máis pequenos (067). Enriba dela fixeron outro frontón cun oco máis. Como remate con cruz metálica.

A **Portada** móstrase con lintel recercado con molduras acobadadas. Ten derrame de xambas para o interior.

Entre o lintel e a ventá central da fachada (070), que ten recercado de moldura e acobadada similar ao da porta, atópase unha cartela enmarcada en resalte coa **inscrición** á que fixemos referencia:

*“REEDIFICADA EN 1860
ABAD D. MANUEL ANT.
ALVARES NAT. DE TUI”*



As portas laterais teñen tamén lintel recto e derrame de xambas para o interior. As ventás son pequenas e recérganse polo exterior e abucinamento para ambos lados.

Toda ela está adornada dunha cornixa perimetral na que descansa a cuberta.

Os pináculos da nave son de sección piramidal mentres que os da ábsida son cónicos.

O **Retablo maior (071)** está dedicado á Asunción de María.

A capela remata o muro exterior cun reloxo de sol coroado por unha cruz.

No seu contorno, polo exterior, atópanse gravadas nos muros as estacións do vía crucis.

As bóvedas son de arco rebaxado tanto na nave como na capela, na sancristía de canón e na ábsida de aresta.

Conserva a **pía bautismal (072)** da igrexa primitiva, agora situada xunto ao arco do presbiterio.

Na capela hai outro retablo dedicado ao Perpetuo Socorro en 1909 (073).
Ámbolos dous mostran imaxes de distintas épocas e valor artístico.

Ermida da Nosa Señora das Mercedes

Templo dunha nave con ábsida rectangular.

A fachada é lisa con porta en arco apoiado en xambas. Mesmo enriba dela ten dous escudos de armas.

No eixe central ten un óculo con derrame ó exterior.

Remata en espadana cun só arco semicircular sobre cornixa voada.

Os muros piñóns teñen capias de coroación, e os laterais rematan en cornixa lineal.

Dende a porta un banco percorre parte dos muros laterais.

No lateral norte do adro da capela hai un cruceiro, que se limpou nos anos 70.

FESTAS E ROMAXES DE CHAÍN:

- A Virxe das Mercedes:
último domingo de xuño e 24 de setembro (na Capela).
- A Asunción da Virxe:
15 de agosto.

